



RESOLUCIÓN DO 9 DE OUTUBRO DE 2018 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA, POLA QUE SE ANUNCIA PROCEDIMENTO PARA A COMPRA, POR CONCURSO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE VERÍN CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

1. Entidade adxudicadora:

Xunta de Galicia: Consellería de Facenda

Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

2. Obxecto do contrato:

Tipo de contrato: compravenda

Descrición do obxecto: local comercial en planta baixa ou planta baixa e primeira planta ou entreplanta, sempre que estean comunicadas interiormente situado no núcleo urbano do concello de Verín, dunha superficie mínima de 325 m² construídos e máxima de 550 m² e coas demais características previstas no prego de condicións.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

Concurso público

4. Orzamento base da licitación:

Importe total: 420.000 €

5. Obtención de documentación e información:

Subdirección Xeral do Patrimonio. Consellería de Facenda

Edificio administrativo rúa Pastoriza 8, 15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981544151 ou 981545867

Fax: 981545870

Páxina web: <http://www.conselleriadefacenda.es/a-conselleria/transparencia/contratacion-patrimonial/procesos-de-concursos>

Correo electrónico: pablo.viano.lorenzo@xunta.gal

6. Presentación das ofertas:

Data límite de presentación: o mes seguinte á publicación do presente anuncio

Documentación a presentar: a indicada no prego de condicións

Lugar de presentación: rexistro xeral da Xunta de Galicia ou calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

7. Apertura das ofertas:

Data: 19 de novembro de 2018

Hora: 11.30 horas

Lugar: sala de xuntas do edificio administrativo da rúa Pastoriza 8 de Santiago

8. Gastos do anuncio:

Serán por conta do adxudicatario

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

P.D. sinatura (Resolución 04/10/2018)

O vicesecretario xeral da Consellería de Facenda

Luis Emilio Araújo Rodríguez